

A ROSA FARRA

IDEARIVM
DAS

IRMANDADES

DA FALA

ANO XI

N. 235

1.^o de Abril de 1927

CAMILO DIAZ

A NOS ATERRA

ZINCKE HERMANOS

LIBRERIA PAPELERIA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21 — Estrella, 37

A CRUÑA



A MAIS ECONÓMICA

DE GALICIA

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa Aparellos
armados e en panos, para barcos pes-
queiros. Malletas de abaca e cáñamo
alquitranado-Cables de acelros, ingleses
Aceites xenerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 28

A CRUÑA

BANCO PASTOR

Casa fundada en 1876

Capital suscripto,	17.000.000
Capital desembolsado,	8.500.000

A CRUÑA - VIGO - LUGO - ORENSE - FERROL - VIVERO - SARRIA - MONFORTE

A superioridade dos CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere
d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA — Real, 110 - FERROL — Príncipe, 9 - VIGO

A N O S A T E R R A

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

REDAICION E ADEMINISTRACION

Rúa Real, 36 - 1.^o
A CRUÑA

ANO XI



1.^o de Abril de 1927



Núm. 235

PRECIOS DE SUSCRICION

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

A O D E C O R R E L - O S D I A S

Fondamente suxestivo, de profundo agrado para nós, é o tema que hoxe escollimos para cubrir esta páxina que temos destinada a referenciar aqueles feitos e sucedidos que teñan producido en nós algo emocional ou, simpremente, que resulten de intrés para a Terra Nai. Temos falado xa d'el, mais nunca quedamos satisfeitos do dito. Hoxe con un pouquín mais de vagar imos adicarle o noso lugar de preferencia, o curruncho mais íntimo do noso casal galeguista. Ben o meresce e de camiño cumprimos unha obriga moral que nos impoña aquel deber.

Estámonos referindo á laboura patriótica, intensamente galeguista, que na Arxentina veñen realizando uns cantos galegos conscientes da hora autual galega, irmáns nosos pol-o sangue, pol-o espírito e pol-o sentimento. Entre os milleiros de compatriotas nosos que aló foron buscando mais amprio campo para o desenrollo das aitividades creadoras e productoras que a todo galego inculcoulle o noso inconfundible carácter racial, un fato d'eles, unha rolada escollida e xenerosa, veñen adicando o seu saber, todo canto poden, o seu corpo e a sua alma a traballar na redenzón espiritual dos galegos aló residentes poñéndolles diante dos ollos, con verbas de agarimo e de amor que chegan á alma, os problemas de progreso, de libertade, de concuencia propia, que autualmente ten a nosa Galicia prantexados. E veñen tratándoos con un tino, con un acerto extraordinariamente encantador que nos fai brincar de entusiasmo e de ledicia.

A todas horas, en todo momento, non dando acougo ao corpo eles traballan e traballan con unha fé enardecida en anor pol-a Terra ausente que tanto e tanto percisa do traballo de todolos seus fillos. Eles aló decatáronse a tempo d'elo e responden fidelmente ao chamamento da Terra Nai. E os xá convencidos, os apóstoles, fállanles a seus irmáns e estos con devoción escoitan, atenden a sua voz e día a día, hora a hora, o exército dos convencidos, a lexión dos *bos e xenerosos* engrosa en número e calidade.

Cada vapor que d'áló ven tráenos novas noticias que nós agardamos sempre como algo que xá necesitamos para dar satisfacción ao noso espírito.

Agora mesmo, e xa temos falado d'elo, celebraron a Semán Galega con conferencias e aitos culturás que chamaron a atención non somentes entre os nosos irmáns desterrados senón tamén entre a prensa e intelectualidade arxentina que soupo ollar na laboura dos nosos irmáns as arelas d'un pobo, d'unha raza que aspira xustamente a maiores venturas e glorias inspirándose somentes nas suas existencias como tal pobo e como tal raza. Unha fase real e exaita do problema de persoalidade e libertade que hoxe preocupa ao mundo.

E así Suárez Picallo falou do «Mariscal Pardo de Cela», Alonso Ríos de «Concepción Arenal», Xulio Sigüenza de «Eduardo Pondal e a poesía galega», conferencia que pubricamos no derradeiro número, e Blanco Amor de «El estado actual de la cultura gallega» e de «El paisaje y la canción popular en Galicia». E extendendo o seu radio de acción saben imprentar a conferencia de Picallo e unha de Blanco Amor e nol-as mandan para que sexan elas portadoras das suas arelas de rexurdimento e chamen as portas do corazón dos galegos da metrópoli dándolle a conoscer problemas propios e chamándoos á Santa Cruzada. E non paran ahí, e pubrigan «El Despertar Gallego», xornal valente e ben orientado que inda agora sostén unha campaña xustísima contra a desgaleguización do «Centro Gallego» de Montevideo e a revista «Céltiga» nosa amantísima irmanciña espiritual, onde sempre con xusteza recollen as ansias, as novas e sucedidos que por acó ocurren e xuntan diñeiro para mercar a casa da nosa Rosalía e imprentar o libro escolar galego e acordan n'unha Asambreía magna que as sociedades comarcás que sosteñen en Galicia enseñen idioma galego e historia galega aos nosos nenños.

E non se pode pedir mais a quens de xeito tan maxistral e xeneroso irmanan as tarefas cotidiáns do vivir c'os traballos espirituás de autuar na redención e no progreso, moral e material da Terra que os trouxo ao mundo. ¡Páguelles ela os seus desvelos, o seu agarímo, como nós llos pagamos con estas verbas de agradecimento, de amor e de entusiasta fervor que nos salen da alma!

A actuación presente dos galegos na Arxentina é a mais seria, consciente e patriótica que houbo endexamais e nada ten de particular que nós votemos a voar os siños donoso entusiasmo con repinicar ledo e cantareiro de día de festa maior.

¡Qué doloroso contraste con ela nos ofrecen as demais colonías de emigrados! En Cuba, onde viven mais compratriotas nosos, non souperon ou non quixeron ainda se decatar do problema e veñen aquelas revistas ateigadas de cursilería barulleira que nada serío representa nin tén nada de beneficioso para Galicia. Ogallá chegue a eles o balbordo dos tempos que vivimos en Galicia e seipan incorporarse ao movemento con todo entusiasmo e consencia que xa o veñen facendo os da Arxentina.

Facemos votos por elo e para final, unha vegada mais e nunca nos parecerán moitas vaía o noso corazón enchido do entusiasmo portador do noso agarímo cara os nosos entrañabres irmans que aló lonxe tanto nos honran e tan outo saben poñer o santo nome de Galicia.

Saúde e Terra

TERRAS DE SOULÉ, DE LABOURT...

LEENDO un forte estudio xeográfico de Th. Lefebre sobr'os Pirineus bascos lembrei aquiles étnicos versos de Fernando de la Quadra Salcedo. O científico procura a evolución o correr das eras infinitas dend'os esgrevios macizos cristiños (Labourd-Cize, Navarra) hast'a o terrón novo, criado polo traballo da raza, onde florescen as maceiras primaveirales.

O poeta sabe escuchar nos tipos supercivilizados un pouco d'aquila forza que levou os bascos a criação das eternas individuoalidás dos vals, i-a conquista dos mares neboentos do norte. Basconia ofrece o exemplo mais simple da cósmica unidade da alma étnica, cada día millor afirmada apesar dos aluvios esfrentos. Os do Bearn, os Gascós falanteiros (por

non falar sinón do alén Bidasoa) non disfiguraron a *facies* basca, e moito menos as moiedumes levadas pol-a moda á *costa de prata*. A carón dos casinos de Biarritz ou de Easo refrexan na mar as luciñas do porto pescador e vibra a doce fala da terra (soante a roquedos i-a carballeiras) crara e forte, antr'o balbordo axitado das linguas cosmopolitas.

O feitizo d'esta raza e d'ista terra arrecende en moitas das millores páxinas das letras modernas. Pr'o gran público a novela «Ramuntcho» de Pierre Loti consagrrou a beleza da Basconia: un celta bretón tiña que ser bô catedor de pobos. O grande xeórxico Francis Jaumes ollaba dend'o seu xardín de Hasparren os erguemientos dos lombos pirenaicos franequeados en vals manteñedores da irmandade racial das duas vertentes. Tudos lembramos os simpálecos tipos de barcos franceses que xurdien na pecha frouma humán na obra de Baroja. Vera está posta no curazón do país basco. Mais n-istas liñas soilo teimanos falar un pouco do Museu de Bayona criado pol-o entusiasmo dos Sres. Boissel e Hoym de Marieu. Non é un museu de cousas mortas sinón un índice do vivir da terra, coma será o Museo do Seminario d'Estudos Galegos.

Bayona tense pol-a capital dos bascos de Alén Portos. E non lle falla razón: é o cruce dos camiños, da xente, e dos camiños das augas, é o soilo bispado da rexión, defendenna cos seus castelos contrás incursiós dos piratas, diu seu antigo nome (*Lapurdum*) ó país labrego de Labourt.

O Museu está cheo d'intres. Pól-o pronto ofrece os millores mapas novos e vellos do país basco. Nos novos síntese a armoña da facies do chan co traballo do home. E comparado cos vellos adepréndese más que n-un fato de libros históricos: antigos camiños, nomes esquecidos, hermidas deixadas falan das variedades adautaciós da xente ó seu chan. Compreta a visión xeográfica unha colección de fotos, pinturas e dibuxos en compañía dos cadros dos pintores bascos (Arrué, Colín, Tillae, Veyrin, etc.)

No paraíso dos antropólogos non pode fallar unha forte documentación humán. O Museo ofrece longas e compretas series de tipos. Entr'eles o álbum do pintor Tillae: moitos centos de cabezas d'homes, mulleres, nenos e

vellos, cúaseque do grandor natural, dibuxadas por un artista que sinte e fixa os carauteres da raza. Logo a casa basca de pedra, cas vigas á vista, a escala esterior, as duas habitacions (cámara e cociña) cos cacharros de Hasparren, os xamós i-os pementos pendurados, os pesados mobres de madeira. E por todos lados o simbolo da cruce amada pol-os montaños de Soulé, pol-os mariñans de Labourt.

O calzado i-o bastón figuran com'as cousas carauterísticas dosbascos. Fan-nas asegún procedimentos antigos, cúaseque rituales, representados prólixamente no Museo. A sandalia i-o *makhila*: iste bastón leva o nome do que o fixo e sempre algúnn grafito do amo. É o compañoiro do camiñante e do pastor.

As figuras dos danzantes cos seus disfraces totémicos (oso, serpente, cabalo) falan das rítmicas danzas ancestrás com'os xogos de pelota da disciplina muscular da raza.

Finalmente, o cementorio. Na Basconia coma na nosa terra figura en primeiro terno na paisaxe aldeán. Cousa propia das poboacións espalladas. N-ista sala alíñanse as redondeadas pedras tombales qu'inda gardan a figura esquemática do corpo humán. N-algunhas pedras de pouco tempo vese o símbolo da prástica.

Tudal-as rexions francesas latexan n-unha rayolante primaveira. Renovan os troncos seculares enraizados no chan. Moitos esquirtores, d'eles Maurice Maeterlink feñen comentado a leenda do reló de Urrugae: *Valnerant omnes, ultima necat*. A derradeira hora dos verdadeiros pobos non soará mentras haxa homes no mundo.

RAMON OTERO PEDRAYO

Dr. MOSTEIRO

MÉDICO ODONTÓLOGO

Mediciña e Ciruxía da boca
Electricidade :: Rayos X

A CLINICA DENTAL MAIS COMPRETA
DE GALICIA

SÁNCHEZ BREGUA, 5 - 1.^o

A CRUÑA

C O U S A S

Este número foi revisado pol-a censura

XA víchedes que o nomeamento de Cabanillas e Cotarelo para académicos do idioma galego na Academia Hespañola foi acollido con gran entusiasmo en toda Galicia e nalgúz pobos celebráronse e proiéstanse celebrar homenaxes aos dous académicos e mais ainda a Cabanillas cuia obra é toda en Galego.

Eu vexo n-esto indubidabremente un progreso grande nos galegos en sentir amor e intrés pol-o idioma propio. Seguramente que si esto sucedera fai alguns anos, ninguén, agás os que de sempre interesámonos e preocupá-

mos pol-as cousas nosas, daríalle ao feito a importancia que agora se lle reconoce. Fai alguns anos a poucos lle interesaba o idioma galego, hoxe, é unha demostración de que interesa infinitamente mais, aparte d'outras probas que ollamos a cotío, esta unánime demonstración de xúbilo que os pobos e as entidades galegas andan a demostrar.

Non cabe dúbida que o senso de preocupación e cariño pol-as cousas propias da que é factor mais importante o do idioma, vai en progreso grande e esto tén que producir en nós intensa ledicia pol-o que tén de prometedor para o porvir e pol-o triunfo que representa das nosas ideas e campañas. Xa non estamos sós na defensa do noso idioma. Estes homenaxes e manifestacions refrexan un estado de opinión moi favorable á sua existencia e uso.

VICTOR CASAS

Cabanillas vai ser obxeto, en Vigo, d'un homenaxe ó que nos adherimos fervorosamente; mais como llimos que n-el falará o señor Rodriguez de Viguri e non atopamos por ningures a relazón que poida ter o bugallalismo co autor de «Lume no Pazo», permitímonos indicar os organizadores do acto que para falar do Poeta da Raza non abonda con ter sido un mocetón mais ou menos aproveitado, anque se teña fama d'orador, fai falla sentir e estar compenetrado coa obra do homenaxeado e expresarse na lingua que tanto enalteceu o cantor «Da Terra Asoballada».

Inda mais, coidamos que a comisión do homenaxe debera ter presente o nome glorioso de Castelao para que en tal ocasión fose el quen erguese a sua voz no nome da Galicia.

A tout seigneur.

Irmandade da Fala na Cruña

O domingo 17 dos correntes celebrará Xunta Xeneral a nosa Irmadade para a elección de novo Consello direutivo como determina o regramento.

Dará comienzo ás once da mañán, ou as once e media en segunda convocatoria, e rogamos a todolos irmans non deixen de concurrir facendoo con toda puntualidade.

NO CAMIÑO DE SANT'YAGO

(Derradeiro)

Xa non era cedo, cando nos despertamos. Erguimónos a presa, e namentres nos preparaban o almorzo – leite quente con pan, chourizos e viño da Ulla – fumos ver á eirexa bisbarral, veciña coa casa onde paramos.

A eirexa que se chama de Santa María Magdalena da Ponte Ulla, tén restos románicos, o ouso entre eles, e adentro no altar maior, un capitel que en troques de sere esculpido, tén a ornamentación pintada imitando a escultura. Fixemos unhas fotos e deseños, eisí como do río pol-a parte de enriba da ponte, e ás dez xa ben dadas, nos puxemos en camiño pol-a estrada que leva a Sant-Yago, pra dar fin ao noso viaxe.

É domingo e xulio. Sol que pica e calore afogante. Imos rubindo unha costa bastante pina, e sentimos as molestias do sol que nos devolve a area da estrada. Atopámonos con moita xente, adomingada, que vai á misa á Ponte Ulla; a indumentaria, inda bastante nosa, xa nos deixa adiviñar a proximidade de Sant-Yago. Chámanos a atención, un auto pequeno, «Citroën» con mecánico uniformado, que anda indo e vindo pol-a estrada levando xente á misa. Nos din que é o de «Don Antolín o abogado de Madrid» que veranea no seu pazo.

Botamos unha pausa no cruce d'unha estrada que leva ao pazo de Santa Cruz de Rivadulla. Hai ali un cruceiro bastante fermoso, repicado de novo, que según nos conta un peisano, estívó n-outrora en Guimaraes, e logo trouxérono pra alí.

Unhos metros mais enriba, está o sitio que lle chaman o «Sol». Á beira da estrada, rubindo da ponte, hai un cruceiro de ferro, pintado de aluminio e purpurina: unha cruz cuyos brazos rematan en froles de Lys, e no cruce un gran sol con ollos, narís e bico, aureola arredor e raios alternados, reutos e flamexantes. É un cruceiro ben curioso que nos chamou ben a atención, e que lle fixo escribir ao Risco no

seu carnet ista nota tan intresante como o cruceiro. «Iste momento, por asociación de ideias, fai pensar en Loís XIV (o Rei-Sol: influencia das froles de Lys?), na Rosa + Cruz, no Zodíaco, nos catro puntos do espazo, e n-outras cousas que convén calar...»

Casi enfrente do cruceiro, está a Pousada ou Parador do Sol, que tén riba da porta, unha táboa borrosa, esculpida e pintada, co ollo da Providenza entre nubes e raiolas, e coa inscripción seguinte aos lados:

ESTA	EN SAN
BLICIM	TACR
ENTO	UZ DE
DEL	RIVA
SOL	DULLA.

e logo: «Despacho de vinos y comidas por Andrés Sánchez e hijo.»

Eiquí deixamos a estrada, e collimos por un camiño entre hortas, viñas e piñeirás, atravesámos un lugar dando varias voltas aní as casas, pasamos por diante da do finado López Ferreiro, o sabio coengo compostelán, rubimos logo a un montiño coberto de piñeiro, dimpois baixamos pra atravesarmino un regato e un monte pelado, e á beira de outro regato de auga moi crara e limpa, que era un rego artificial, botamos unha pausa baixo d'uns piñeiro.

Eran perto das doce e a calore era xa tremenda e íbamos xa abafados. Todas as facianas estaban rubias, bermeñas de conxestión, e gracias si nos aliviaba o que sudábamos.

Erguínimonos e seguimos pra diante: o Pico Sagro, xa se vía diante de nós inda que lonxe. Atravesámos un escampado onde o sol queimaba de un xeito espantoso; entramos n-un bosque de piñeiro, e alí botamos outra pouxa, tumbádos no chan, co peito ao aer. Todos estábamos cansos, pro más do calore que do camiño. Polos piñeiro viase a paisaxe estesa abaxo.

De súpeto, un de nós, coidou ollar xente no cume do Pico acenando unha bandeira, mais a distancia inda non nos permitiu distinguir con claridade.

Ó saímos do bosque, xa con mais seguraza poímos decir que no cume había xente. ¿Serían os que nos agardaban? Moito mais animados, seguimos andando, baixando ao sol que queimaba, antrás carpazas.

Xa chegamos á falda do Pico. Por un instante, a emoción foi dona de todos nós. O Risco e o Otero Pedrayo, caíron de xionllos no chan e todos, pol-o baixo, recitamos a pregraria tradicional: - «Pico Sagro, Pico Sagro, librame do mal que eu trayo!». Logo nos dividimos en dous grupos e escomenzamos a rubir ao Pico. No cume acenaban c'unha gran bandeira branca. Nós sacámolos panos e atámoslos ós paus. O Risco, Pedrayo, Cuevillas e Monxardin, van rubindo pol-a dereita do monte, o Feixón, o Sánchez e mais eu imos pol-o medio cara ríba en línea reuta.

A calor era espantosa a aquela hora e faguiase tremendo o andare á unha do día, pol-as carpazas do monte, debaixo de aquil sol sen piedade.

Bafía o sangue, que debía fr ver, nas tempas nos pulsos, o corazón semellaba que chegaba ao pescoco... e roxos, conxestionados, escalamos o cume do Pico, ao tempo que os que ali estaban viñan ao noso encontro berrando «Terra a Nosa». Foi un momento de fonda emoción que endexamais se nos esquecerá.

Cando xa pasado o primeiro momento, e ceibes dos morrals, tumbados no chan no fondo da outa garganta do Pico repousábamos da penosa xornada, fumos vendo aos amigos que de Sant-Yago viñeran a nos esperar. Ali estaban o Tobío, Martínez López, Requejo, Noya e algún máis.

Xuntos todos, xantamos e falamos longamente de todo o que quixemos, n-aquel lugar que se nos semellaba isolado do mundo, e onde ninguén nos viña a estorbar; logo, inda percorrimos con toda calma, o Pico, a hermita, a entrada da coba, e dende o cume, ollamos ao lonxe, as torres da Catedral, o Convento de Santa Crara, o Monte Pedroso ..

Por fin, ás catro da seíán iniciamos a baixa-

da do Pico, pol-a dereita cara a San Verísimo de Sergude onde chegamos dimpois de unha longa camiñata. A eirexa estaba pechada e non poímos vela. Saínmos logo a entrada de Rodiño e collimos o camiño vecinal, ancho e ben coidado, como si fora camiño real, que leva á Susana, lugare na estrada de Ourense, xa moi preto de Sant-Yago.

Dende eiquí, xa todo o resto do viaxe foi pol-a estrada.

Ás nove e meia da noite as primeiras luces eléctricas, nos indican que estamos no Castiñeiriño; pousamos a refrescarnos n-unha taberna, e dimpois seguimos pol-a Ponte Pedriña.

As dez dabán no grave relox da Catedral, cando facíamos a nosa entrada pol-as tortas e sempre suxestivas rúas de Sant-Yago, a cibdá que garda nas suas lousas venerables, relembrros dos pasados tempos de esplendor.

A emoción que sentimos ao pisar Sant-Yago, dimpois de catro días de longo camiñar pol-o corazón da Terra, non é facilmente descriptible; a nós, as fortes e rexas pisadas que dábamos debaixo dos porches maxestuosos, deixando pouco a pouco nas lousas, o polvo do camiño percorrido con unción, cal si fora a ofrenda que traguíamos pra o Apóstol, soábanos a fortes badaladas das campás da Catedral, que ían repercutindo no noso corazón acugulado de fondas emocions.

Como perenne lembranza de iste noso camiñar pol-a terra en precura do Sant-Yago, gardamos todos, a «Compostela» diploma valioso que ao correr dos anos, terá a virtud de nos falar sempre d'unha das mais groriosas etapas da nosa vida.

¡Ouh Santa e diviña emoción da pelengriñaxe, de ti non saben os que nos chaman tollos!

XAVIER PARDO

VICENTE RISCO

ABOGADO

Santo Domingo, 47-2.^º — Ourense

Homenaxe aos galegos ilustres

CELEBROUSE na Cruña o domingo 13 o aito anual de colocar frores nas campas de Murguía, Curros, Pondal, Chané; Adalid, Tettamancy e Vaamonde. Como sempre, tivo o aito un caráter de grande solemnidade e sentida demostración de fonda lembranza hacia os galegos que nos honraron coa sua obra. Concurriu unha gran cantidade de público e representantes de todal-as entidades cruñesas.

Diante da tumba de Curros leeu unhas cuartillas o segredario do Circo Sr. Panisse lembrando a vida e a obra do imortal poeta. Despois no centro do címiterio o noso irmán Alfredo Somoza leeu en nome da Irmandade as cuartillas que publicamos ao final d'esta reseña, cuartillas que foron fonda e calurosamente gabadas e a seguido o alcalde Sr. Casás pronunciou un elocuente e sentido discurso examinando a obra dos mortos especialmente Murguía, Pondal e Curros. Tivo conceitos e frases de marcado matiz galeguista e aconsellou o amor a Galicia inspirándose na labor que os mortos deixaron feita. Un discurso moi axeitado co caráter do aito.

Ao final os membros da Irmandade entonaron o Hino a Galicia que foi secundado polos coros e gran parte do público. Despois dirixironse ao Címiterio civil a visitar a sepultura de Ricardo Carballal somentes xa que a de Xurxo Parga foi xa levantada.

Tamén en Vigo o mesmo día organizouse unha comitiva que foi colocar frores no momento a Curros na Alameda. Segundo nos informan os xornás d'aquela cibdade foi un aito solemnísimo ao que se asociou todo o pobo vigués. Pronunciáronse discursos en tonos galeguistas e de homenaxe ao poeta e cantou-se tamén o Hino a Galicia. A Irmandade da Cruña enviou un telegrama de adhesión a este aito co que xa son duas as cibdades galegas que no mesmo día rinden homenaxe aos nosos chorados e ilustres mortos. Confiamos en que para o ano próximo sexan más.

Vede o contido das cuartillas que leeu no aito da Cruña o irmán Somoza:

Irmáns na Terra: A Irmandade da Fala que dendea da sua fundación renovou o costume, imprimando pol-o Circo de Artesanos, de en tal data coma oxe, ll'adicar un homenaxe aos galegos ilustres que descansan neste címiterio, ven de novo a cumplir coa sua obriga traendo as frores do seu recordo a estas Campas e a se poustar reverente diante d'elas, vertendo a un tempo os seus himnos de liberdade e gloria.

E estes himnos e estas frores nosas son adicadas fervorosamente aos que xa forman ringleria longa: Murguía, Pondal, Curros, Chané, Martínez Salazar, Adalid, Tettamancy, Florencio Vaamonde... e a todos cantos tiveron o pensamento fixo na nosa nai Galicia e a amaron como fillos amanisimos e que como tales déronlle canto lle dar podían: as suas obras e n-elas, o seu inxenio, o seu talento, o seu corazón e a sua vida, creando con elas a nosa historia, enaltecedo a nosa poesía a nosa literatura, a nosa música, contribuindo con todo a delimitación, a perfilar e fixar d'un xeito que non dá lugar a dúbidas a nosa persoalidade.

E quizais abondase con estas verbas pra siñalar a nosa fonda adhesión a este acto. Pois son estos, lugares de recollimento e de paz e n-eles non deberan escoitarse mais que os latidos dos nosos corazons xa qu'os tempos impoñen a obriga de calar deixando que somentes se escoiten voces pronunciadas nun tono que seguramente non cadran coas ansias ideolóxicas dos galegos a quenes homenaxeamos.

Pero permitídenos que, algo irreverentes, destaquemos d'entre estes ilustres homes aos que rendimos hoxe esta manifestación de cariño e lembranza, ás figuras excelsas de Murguía, Curros e Pondal ao conxuro de cuios nomes nimbados pol-a Gloria chegan a nós azos e alentos e fé no Porvir. No porvir d'esta Patria galega que eles amaron con intenso agarimo e pondo n-el todal-as arclas na sua

libertade, cobizando pra Galicia as maiores
grandezas, sentindo e pensando e se expresan-
do en galego, no idioma autótono, na nosa
fala esgrevía, nesa fala armoriosa, en que
falán os ánxeles aos nenos nosa fala pulida,

fecundo nume do unico Rei sabio
que no solio d'España tivo asento

este idioma do qu'o poeta e o Apóstol é no que
oferce falarlle de libertade e redención aos
servos.

Porque é forzoso mostrar que os mais gran-
des afás d'estes homes que honran ao noso
país foron a exaltación do noso patrimonio
que fixa a nosas condicións características a
nosa historia, os nosos costumes, as nosas
tradicóns, o noso idioma. E xunto con este
patrimonio o amor á libertade, á santa Libe-
rtade que é Amor, que é Tolerancia, que é
sacrificio, que é respeito pra todo e pra todos,
libertá que canta Murguía, libertá que Curros
chama pra si dicindo:

Ouh Libertá Sagrada

Alba de gloria pr'o oprimido mundo
e que fai que Pondal o Bardo bergantiñano,
temendo que lle sea arrebatada berre:

Déspotas insensáis

forxá, forxade grillos.

Pode oprimir o ferro

un corpo enfraquecido

mais as nobre ideas

e gloriosos instintos..

Eses, non pode, non, o duro ferro

nin a morte estinguilos.

Liberiade, sagrada e santa, a que a pesar de
vicisitudes transitorias, xurde por enriba de
todo e sin a que os pobos non son felices nin
chegan a alcanzar o progreso espiritual que
leva unido o seu desfrute.

Loor e gloria aos mortos que homenaxeá-
mos! E si queremos que este homenaxe sexa
algo mais duradeiro e fruífero que unha sim-
pre manifestación de lembranza que desapare-
ce pouco despois de sair d'estos lugares é
mester poñer fixo o pensamento na obra d'es-
tos homes que lembramos e seguir o vieiro que
eles deixaron feito e que nosouiros estamos
obrigados a recoller como un herdo espiritual,
inspirándonos de cote nos ideales que señálou
o seu paso pol-a vida.

O amor á fala, á libertade e á Terra galega.

Irmans: ¡Terra a Nosa!

PRELUDIOS

¡QUEN FORA PENEDO!

Ruín destino o do humano
linaxe dende nacer,
traballar ano tras ano,
relocar yô fin morrer.

Se loitas non o asoballan,
fíreno as penas que sente.

Os penedos non traballan,
e viven eternamente.

OS GUSTOS DA MORTE

Na sua escolleita, a Morte
recada sempre o millor,
porque o ruín non lle compre.

ALDRAXADA

C-un filliño sin comer,
saleu de noite a esmolar,
e iste fívo qu'escoitar:
—¿Pides, tendo que vender?

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS

ESTÁ NO PRELO

DICCIONARIO GALEGO "LAR"

por

LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS

O mais comprehetivo dos
publicados hastr'o d'agora

PR'OS PAIS QUE TEIN FILLAS

As mulleres precisan da educación e da instrucción mais que os homes. Educar unha muller é educar a Sociedade. Educar un home é educar nada mais que un home...! Eles son moi egoistas, o que saben non o reparten con ninguén. A coitada da muller que lle toque un home muito mais instruído do que ela iso é casi sempre, con raras excepcións non ten direito a decir nada, non pode dar sua opinión, porque a cada paso ten que ouvir; cálate que ti non sabes d'iso. ...Esas cousas non son de mulleres... A muller non fala de política... Si se trata de negocios. Déixame que teño que pensar moito e ti non sabes... Si ven calquer visita de unha persoa un pouco letrada, amiga do mariño. Vaile d'aquí que temos que falar...

Moitas veces a muller é intelixente e podía ir moi lonxe con as suas ideas, si o mariño tuvese paciencia pra insinal-a, e deixarlle adequeir a tranquilidade necesaria pra desenvolver a sua intelixencia, pois como vive tan constreñida, sin poder expresar as suas ideas, é unha intelixencia que fica oculta por falta de espacio pra o seu desenvolvemento.

A muller é a que pasa a maior parte do tempo cos fillos, a que se ocupa con eles, a que van formando pouco a pouco o seu carácter, a que lle insinua a pronunciar as primeiras palabras e letras; vai formando, pódese decir, aquela almiña que mais tarde d'esas almiñas sae a sociedade inteira; os nosos héroes, as nosas heroínas, por iso decía que educar a muller é educar a Sociedade. ¡Cómo poderá facer iso unha persoa que non teña conocimentos ningús? Moitas veces vemos cuase milagres de nais cuase analfabetas, que conseguén con un pouco de esforzo insinar a seus fillos, cousas que nunca aprenderon; mais como saben o triste que é non saber nada. O grande amor de nai lle fai facer ises sacrificios todos.

Os pais concorren, pra esa desgracia, pois dedican a muller só pra duas cousas; ou pra freira, como si pra esas duas cousas non se precisase instrucción ningunha. ¿Cánto mais agradabre sería pr'o mariño ter unha compa-

ñera que o pudese axudar en todo, que non ter unha muller só pr'o que non quero decir?

Pra Deus sería moito mais agradabre ter freiras que soupesen alabalo, que soupesen expresar o que elas queren, as rezas serían más claras. ¿Que duda cabe si Santa Tereixa de Xesus non tivese instrución ningunha pra poder expresar todo aquel amor que sentía por Noso Señor, que sofriría moito e perderíamos esa Xoia dos místicos que veio honrarnos?

É necesario aprender a falar a nosa lingua, pra facernos comprender hastra de Noso Señor. Temos que desenganarnos, pra poder expresar as impresións da alma non ha nada como a lingua aprendida dende nenos no berzo. Haberá nada que se lle poda comparar a decir ¡MEU SAN JOSECIÑO BENDITO SALVAME O MEU MARIDIÑO! Que difenza debe atopar hastra o Santo cando unha galega lle diga MI SAN GOSECITO BENDITO SALVAME MI MARIDITO! e SAN GUAN VENJO PEDIRTE POR MEU HIGO QUE QUERO ME LO SALVES.

Os pais que tein fillos e fillas só se ocupan da instrucción dos fillos, algunas veces facendo grandes sacrificios incluso empeñándose pra conquerir dar carreira algún, que moitas veces non sae toda a vida de ESTUDAR PRA ESTUDANTE, e d'esa semente sae mais tarde a cantidade enorme, que temos de señoritos que non sirven pra nada, si non pra gasiar o que os pais xuntaron con tanto traballo, e vir terminar con o pouco que ás coitadas das irmás lle ficou; vein pr'a Aldea, erguéñense tarde, paséian, xúntanse con o secretario, farmacéutico, xuez e crego, pra falar de política, querendo reformar o pais en media hora, dando suas opiniós que, quen os escute parecen sabios, mais na realidede nunca deron unha proba que serviron pra algo. Da casa ó Casino, do Casino pra casa; así pasan os días. As coitadas das irmás tein que ver os obreiros, coidar da labranza, traballar moi, pr'o señorilo gastar e elas privándose de moitas cousas, por que son as primeiras a recoñecer a superioridade do LAMBON, que as ten asustadas decindolle a cada

paso. «Vosotras no sabeis nada de eso, sois unas analfabetas» sin pensar que o analfabetismo d'elas concorreto pra il saber o que sabe.

A muller precisa saber gañar a vida sin non fôr mais, pol-o menos tanto como o home. A muller pra abrirse camiño na vida pasa moitos mais apuros e desgostos – sen contar os traballos – que o home. É necesario insinarlle a traballar, pra ser independente, e facerlle comprender que non é necesario o casamento, nem ser monxa, pra ser feliz n'este mundo. Só pode adequerir a sua independencia por medio do traballo, e o dia que as nosas mulleres podan gañar a vida independentemente, sin precisar de ningúnén, terán independencia de carauler, e poderán casarse, ou non, sin ter medo a quedar solteiras, pois non precisan de un que as manteña. A maior parte dos matrimonios desgraciados que ha, consiste na falla de instrucción da muller, pois a que pensa un pouco (ha algunas que non pensan nada), elle aparece un rapaz que quer casar con ela, ainda que non lle agrade moito, e non sea o tipo soñado, ve que xa ten – supoñamos – 26 anos, que, o que os pais tein non lle chega pra vivir sen traballar, e ainda que queira traballar non pode por que non lle insinaron a facer nada que sirva pra gañar a vida decentemente, e antes de ler que servir cásase co primeiro que lle apareza, pois o capital dos pais xunto, son hortas e separado hortiñas, si estas hortas non están empeñadas xa, ó USURARIO da terra, que lle proporcionou o diñeiro pra estudar o señorito do seu irmao. Si repartisen a instrucción entre as fillas como nos fillos, ensinando as fillas a gañar a vida decentemente! ¿Qué duda cabe que unha muller que sabe traballar, que sabe gañar a vida sen necesidade de ningúnén, si lle aparece un rapaz que non é do seu agrado o manda *pasear* e non ten o menor medo a quedar solteira? Só se casará con o que ela gosta de verdade, claro que iso non é unha proba pra ser felices. Pois moitas veces os xenios non se dan ben, pero ha mais probabilidade de o ser, que cando se casan só por ter quen as manteña. Ademais é mais fácil de se comprender entre xente instruída, e quen se comprende, perdoa e transixe con certas cousas, que unha analfabeta non perdoaría.

É preciso ós homes comprender e ver o necesario que é a educación e instrucción na mu-

ller, por iso quen teña suas fillas pense un pouco o que vae ser d'ellas o día que pechen os ollos, si non ven o americano rico que salve a situación antes; e d'isto teríamos moi-to que falar dos inganos que hay ó ver as grossas leontinas, anel e dentes de ouro, que moitas veces é só pantalla!

Ten que se velar e coidar pol-o mellor que ha no mundo, que é a muller.

CORONA GONZALEZ

París 1927.

Academia Gallega

A RECEICIÓN DE ANXEL DEL CASTILLO

CELEBROUSE no Salón do Circo de Artesanos o 18 do pasado Marzal o ato de dar entrada na Academia ao noso querido amigo o ilustre arqueólogo, D. Anxel del Castillo. Con unha concurrencia numerosa e escollida na que figuraban moitos académicos de fora da localidade Castillo deu leitura ao seu traballo encol de «Arquitectura prerrománica en Galicia», do que xa os xornás cruiñeses deron un completo resumo. Co'a fonda erudición cos vastísimos e xa sabidos conocimentos que Castillo posee d'esta materia fixo un traballo de importancia grande para esos aspeitos da nosa cultura e riqueza artística.

Ao mesmo que nos falou de eirexas e muiamentos interesantísimos da época prerrománica en Galicia tiuo tamén conceitos acertados e patrióticos refirindose á persoalidade da nosa terra e á sua extensión nos séculos en que a nosa Galicia non estaba como agora limitada aos lindeiros caprichosos e antinaturáis da actualidade.

Un traballo moi ben escrito e de moita importancia para Galicia que moi-to nos alegraria ver publicado un folleto ou n'algunha revista galega. Castillo colleitou moitas e calurosas gabanzas as que engadimos a nosa moi cordial cobizando ao mesmo tempo o seu completo restabrecimiento do accidente desgraciado que sufriu.

A Castillo contestoulle o académico Sr. Martínez Morás con un traballo no que pon de manifesto á persoalidade do ilustre arqueólogo. Tamén meresceu gabanzas o traballo do Sr. Moras.

B R É T E M A

Cúbrese o río de escura néboa,
que, pouco a pouco.

vaise estendendo a ambas orelas,
montes e soutos
e o val enteiro de fertís veigas,
cheas de froito,

gándaras, fragas e piñeiraies.
casas e piornos
entebrecidos pol-o seu manto,

que encubre todo,
deixando, tal que se afundidas
todol-as cousas foran n-un pozo.

*¡Bretemal mesmo! - semella o día
boca de lobo.*

Ónse as mulleres chamar ós nenos
que ô touzal foron
guiar as vacas mail-as ovellas.
¡Probes! Pillouos
o neboeiro ós coitadiños
mesmo de sócato.
Xa e os carreiros ora n-acertan
e chorán fondo
corretexando sen vieiro certo.
atontadiños, por entre os toxós -

Xa solagado vai no silenzo
quedando todo.

Xa nin se ôn berros, nin se ôn laídos
nin se ôn saloucos.
A natureza quedou prendida
n-un fondo sono.

De cando en cando un can oubear
negros agoiros
unha orvalleira de chuvia maina
de Abril e Outono.

por antre a brétema caeu na terra
e mollou todo.

A Natureza - ¡Non despertala! -
sigue abraiada n-un fondo sono.

*¡Ouh que tristura cando así a brétema
encobre todo!*

apenca as veigas apenca as hortas.
e apenca os froitos;
leva ós fogares choros e bágoas
e bara os corpos,
fai con que axente perda os vicios
e anguria todo.

*¡Ouh que tristura cando así a brétema
encobre todo!*

Apensa as veigas, apensa as hortas
Apensa os álbres e bara os corpos
*¡Bretemal mesto cubre miña alma
de eterno loito!*

Fondos pesares, penas sin termo,
dores sin conto,
tranme d'hai tempo agrilloado
o meu ser todo!...

*¡Bénia as noitebras que cán na Terra
e cán nos corpos,
se unhas moxenas de luz e esperanza
brila no fondo
do noso espírito! - Mais ¡ai que eu teño
e levo adoito
encol do corpo bretemal mesto;
encol da y-alma eterno loito.!*

Os académicos galegos na Hespañola

ESTÁN xa nomeados. Armando Cotarelo o cadeiráteco compostelán e Ramón Cabanillas, o poeta da raza. Había que elexir dous pois así o mandaba o Decreto e foron elexidos. A elección agrádanos. Os dous teñen merecimentos para representar o noso idioma. A labor de cada uu d'eles e sobradamente conocida para que falemos d'ela. Xa o fixeron ademais os xornás que con gran entusiasmo acolleran a desinación e a reforma. Agardemos agora a ver que pasa.

A nosa opinión encol d'este asunto témola manifestado xá. Non é nin noito menos, de entusiasmo. Nós non percisamos, nin o noso idioma tampouco, que ninguén nos diga que o galego é idioma porque é causa que xa sabemos pol-a sua historia. O mesmo que si nos dixeran que non é, nós seguiríamos estando tan seguros e convencidos da sua prosapia.

Agora ben: que hai moitos que precisan d'estas cousas para se convencer e por ese lado agrádanos a reforma pois haberá moitos que caerán no allo e pode ser un argumento.

Da sua eficacia non podemos ainda decir nada. De todas maneiras o progreso, o cultivo, do idioma propio depende de nós mesmos e n-ese aspeito imos moi ben, admirabemente ben que é o que nos importa.

Pol-o demais non hai incomente en felicitar a Cabanillas e Cotarelo pol-a desinación si con elo sintense satisfeitos.

E agora a agardar, si ven, o lado práitico e eficaz da reforma.

Don Bernardino Machado

ESTE ilustre político portugués, que figurou ao frente do Estado da república irmâ, está sendo hóspede noso. Estivo uns días en Vigo e atópase actualmente na Cruña onde pensa pasar unha tempada.

Da siñificación do ilustre home público nada temos que engadir ab que xa os xornás galegos dixeron e ao conocemento que todos temos d'ela.

A NOSA TERRA

Para nós representa ademais unha embaixada espiritual que o pobo irmán nos envia na sua persoa prestiosa. E como sempre e en cada hora estamos atentos ao desenrollo da vida portuguesa, a estada na Galicia do señor Machado aviva en nós o sentimento de cordialidade que hacia os nosos irmans de raza sentimos e que con este motivo renovamos deseñándolle ao señor Machado unha gratísima e leda estada na Galicia que é o mesmo que decir no seu propio país.

LECTURAS

AS NOVELAS "LAR"

MORTA!

CELESTINO NOYA

OUTRO rapaz novo, Celestino Noya, que «Lar» nos presenta no derradeiro número correspondente ao mes de Marzal e 31 da sua colección. Outro rapaz que sinte desexos de escribir en galego e aportar a sua colaboración ao rexurdir autual. E aléandos de veras porque comenza moi ben, moi ben.

«Morta» é unha sinxela noveliña, ben trazada, que craramente demostra as boas condicións do seu autor. Tén un argumento bonito e está ben escrita. Esto é todo canto se pode pedir a quen como Celestino Noya comenza agora pero é que ademais a sua novela tén outro mérito de gran importancia. A perfección no léxico que emprega que está admirabreamente cuidado. No transcurso da sua leitura óllase unha esmerada preocupación por escribir o noso idioma axustándose ao que el é, escollendo verbas netamente galegas e dándonos a conoscer outras novas ou millor ditos que se empregan pouco.

Este é quizais o maior mérito da noveliña e d'abondo para que o seu autor sexa agarimado e felicitado causa que pol-a nosa parte facemos con entusiasmo.

A cofío van aparescendo rapaces que sinten fondo desexo de cultivar o idioma propio e Celestino Noya agora comenza de xeito admirabre causa que tén de ser do noso mais profundo agrado e que nos invita ao animar a que continúe traballando na seguranza de que poderá darnos cousas boas e de enriquecemento da nosa literatura.

A ROSA DE CEN FOLLAS,
de RAMON CABANILLAS.

Un novo libro galego é un motivo de mais para rebuldarmos de ledicia. Si engadimos a esto que é un libro de Cabanillas xa o noso entusiasmo non tén lindeiros. O noso poeta da raza, hoxe en prena aitividade, ousequianos con unha nova produción do seu estilo maxistral. Un libriño sinxelamente fermo-so primorosamente editado no Balneario de Mondariz, con unha colección de versos de amor.

Cabanillas que en todal-as súas obras soupo nos dar idea de como sabe irmanar a ternura, a dedicadeza coa rebeldía e a expresión baruda e rexa, d'esta vegada preséntasenos somentes n'aquela primeira manifestación que xa admiramos en «Vento Mareiro», «O bendito San Amaro», «A Man de Santiña» e en gran parte da sua obra.

Xa a esta hora resulta ridículo falar da obra de Cabanillas e da sua esgrevia persoalidade reconocida e admirada por todos, propios e alleos, do xeito ben elocuente con motivo do

seu nomeamento para académico na Hespaniola. É o poeta da Raza, título conquerido por propio mérito e reconocido por todos de maneira espontánea. E engadimos nós que el e Castelao son as duas figuras verdadeiramente xeniás que Galicia amostra actualmente no mundo como valores propios así como no pasado século pudo amostrar a sublime figura de Rosalía. Por eso con decir que «A rosa de cen follas» é obra de Cabanillas temos feito a millor gabanza e o mais exaito estudo do novo libro.

A nosa literatura que continúa a andar tan ademirabemente como estamos presenciando recibe nos seus brazos amorosos este novo irmán que tén de amostrar con orgullo e fachenda por ser fillo de quen é e porque ven a Enriquecela e prestixiala.

O noso entusiasmo de ver aparecer un novo libro galego e do mérito do que nos ocupa lévanos a enviar ao querido e xenial Cabanillas o noso corazón ateigado de ledicia e agradecemento.

Imprenta LAR. Real, 36 - 1º. A Cruña

M E R Q U E V O S T E D E

SÍNTESE XEGRÁFICA DE GALICIA por Ramón Otero Pedrayo

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERIA, QUINCALLA,
MUEBLES, MAQUINAS, PE-
DRAS FRANCESAS PARA
MUIÑOS, ETC. ETC.

Grandes Almacés de Tecidos
NUEVO MUNDO

Sección de Sastrería e confeccions

Inmenso surtido en panos da
Rexión e Extranxeiro. Confe-
ciónanse toda cras de prendas
para mulleres homes e nenos

San Andrés, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUÑA

Efectos Navales

d e

FERRER E COMPAÑÍA - SUCESORES
F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

Casa fundada en 1868


Artigos xenerais para equipo da Mariña
militar vapores, barcos de vela
e pescadores

9

an thermometer, a pen, a compass, a
pencil, a book, a ruler, a ruler, a compass, a
pencil, a pencil, a pencil, a pencil, a pencil,

AGUAS MINERO-MEDICINALES BICARBONATADO-SÓDICAS

MONDARIZ



Gran Hotel Balneario con todas as comodidades e adjuntos modernos
Propietarios: FILLOS DE PEINADOR
MONDARIZ (Pontevedra)